



iniciativas no rural galego

Iniciativa	Apicultura en Viana do Bolo
Enderezo	Viana do Bolo, Ourense
Web	-
E-mail	xvizcaya@gmail.com
Persoa de contacto	Xulio Vizcaya Somoza
Fórmula xurídica	Autónomo

A experiencia




Trátase dunha iniciativa de autoemprego no sector da apicultura, que aproveita a vivenda familiar para establecerse en Viana do Bolo despois de pasar por Vigo, onde traballou vinculado á industria. *“Incúlcanche que aquí non hai futuro e vaste por inercia”.*

A iniciativa é familiar, sendo ambos membros da parella de lugares próximos, no oriente da provincia de Ourense. Buscando unha alternativa para vivir co rural, deron coa apicultura por casualidade e formáronse desde Vigo, antes de volver a Viana.

Comercializan o 99% do mel a granel e acadaron mellores condicións de vida que as que tiñan na cidade. Pola contra, pensan que teñen acceso a todos os servizos, pero con peor calidade que a da cidade.

As orixes

Despois de abandonar o medio rural e traballar en Vigo, Madrid e Ourense, en 2004 formuláronse a posibilidade de deixar a cidade e volver a Viana, buscando unha actividade que tivera relación coa natureza.



Un familiar tiña a apicultura como afición e, investigando, descubriron que había moitas persoas que vivían diso. Madurando esta posibilidade, investigando e formándose, chegaron á decisión de deixar o traballo na cidade e volver, en decembro de 2005.

Comezaron con poucas colmeas e compatibilizando con traballos como os vinculados á loita contra incendios, ata chegar a un tamaño de explotación que xa se converteu en actividade única. Actualmente teñen 40 apiarios.



O territorio

Viana do Bolo sitúase nunha área interior e de montaña, na provincia de Ourense, moi próxima a León. Presenta un acentuado declive demográfico e unha estrutura demográfica de pirámide invertida, cun índice de envellecemento do 384,8 (relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos expresada en porcentaxe).

Recursos



Os tres principais recursos que impulsaron este proxecto foron as axudas da Consellería de Medio Rural para poñer en marcha a actividade, as axudas que permitiron afrontar os investimentos, e o acceso a terras en réxime de alugueiro, e a preservación do medio..

A situación xeral de abandono de terras é unha oportunidade para a actividade apícola. A flora autóctona nace e se desenvolve nas terras non cultivadas, con baixo nivel de pesticidas e doutros contaminantes. Por outra parte, o abandono facilita conseguir a cesión e alugueiro de terras ás que non se lle está a tirar ningún proveito, a cambio de mantelas limpas e realizar un pago en especie.



Impactos

Territorio intelixente

A busca de oportunidades económicas vinculadas á paisaxe, á preservación da natureza e á cultura tradicional, ten na apicultura ecolóxica un sector con potencial de xeración de emprego.

Territorio inclusivo

A apicultura é capaz de xerar emprego e fixar poboación ao medio rural, ofrecendo oportunidades para homes e mulleres en igualdade.

Territorio sustentable

A apicultura tradicional da zona é extensiva, o que permite prescindir de tratamentos químicos e facer un uso sostible deste recurso, que non deba caer na sobreexplotación.